

Regulamento 01/2026, do 9 de marzo, de Consello de Goberno, polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña

Artigo 1. Procedemento para a selección de cátedras de universidade

1. Terán prioridade as convocatorias de promoción interna sobre as de quenda libre.
2. A prelación entre as persoas candidatas establecerase segundo os seguintes criterios:

Primeiro. Antigüidade na data de acreditación, entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación.

Segundo. Antigüidade como persoal docente na UDC.

3. Seleccionarase unha praza por rama de coñecemento, que será a que conste no certificado de acreditación nacional. No caso de que se convoque un número de prazas superior ao de ramas de coñecemento, aplicaranse ás restantes os criterios anteriores sen restricións de rama.

Artigo 2. Procedemento para a selección de prazas de titular de universidade

A orde de prelación das prazas establecerase segundo os seguintes criterios:

1. Seleccionaranse as candidaturas entre o profesorado que estea contratado na figura de profesor/a contratado/a doutor/a, de profesor/a permanente laboral ou de profesorado funcionario do INEF de Galicia. A orde de prelación será a seguinte:

Primeiro. Antigüidade na data de acreditación, entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación.

Segundo. Antigüidade como persoal docente na UDC.

2. Se as candidaturas seleccionadas segundo o criterio primeiro non cubrisen todas as prazas ofertadas na OEP, seleccionaranse candidaturas entre o profesorado que estea contratado na figura de axudante doutor/a. A orde de prelación será a seguintes:

Primeiro. Antigüidade na data de acreditación, entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación.

Segundo. Antigüidade como persoal docente na UDC.

Artigo 3. Procedemento para a selección de prazas de profesorado permanente laboral

Co fin de determinar a orde de prelación das prazas, aplicaranse os criterios que se especifican a continuación:

1. Na convocatoria de execución da OEP incluírase, cando menos, o número de prazas necesarias para a estabilización dos contratos do profesorado que estivese contratado a tempo completo no momento de entrada en vigor da LOU e que

continuase nesta situación no momento de entrada en vigor do Decreto 101/2004 de 13 de maio (DOG de 26 de maio) e do profesorado axudante doutor que remate o seu contrato antes do 31 de agosto do ano seguinte ao da realización da convocatoria. Estas candidaturas terán prioridade sobre calquera outra.

2. Se as candidaturas seleccionadas segundo o criterio anterior non cubren a totalidade de prazas ofertadas, terán prioridade para cubrir as restantes as de profesorado axudante doutor que teñan unha data anterior de finalización de contrato.

Caso de se producir empate na data de finalización de contrato, terán prioridade as solicitudes das persoas con maior antigüidade como persoal docente na UDC.

3. No caso de que as candidaturas de profesorado axudante doutor non cubren a totalidade das prazas ofertadas na OEP, consideraranse as de profesorado contratado interino de substitución contratado a tempo completo. A orde de prelación será a resultante da suma das seguintes valoracións:

a) Antigüidade na data de acreditación –entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación– a 1 de xaneiro do ano de realización da convocatoria de execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano calcularanse de forma proporcional.

b) Antigüidade como persoal docente na UDC, a 1 de xaneiro do ano de aprobación da convocatoria da execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano de calcularanse de forma proporcional.

Artigo 4. Programas de captación e retención de talento

1. En cumprimento das disposicións legais vixentes, establécese unha cota de reserva do 15 % das prazas de profesorado permanente laboral e de profesorado titular de universidade para a incorporación de persoal investigador doutor que superase a avaliación do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (I3) ou que obtivese o certificado como investigador/a establecido/a (R3) dentro do Programa Ramón y Cajal.

2. No caso de que non se utilicen todas as prazas previstas na anterior reserva, as sobrantes poderán ofertarse a outras persoas investigadoras de programas de excelencia nacionais ou internacionais recoñecidos pola Secretaría General de Universidades que obtivesen o certificado I3 ou R3.

3. De existiren aínda prazas vacantes de titular de universidade na cota de reserva I3/R3, poderán optar a elas candidaturas de profesorado permanente laboral ou profesorado contratado doutor con certificado I3/R3. A orde de prelación será a resultante da suma das seguintes valoracións:

a) Antigüidade na data de acreditación –entendendo como tal a que conste no certificado de acreditación– a 1 de xaneiro do ano de realización da convocatoria de execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano calcularanse de forma proporcional.

b) Antigüidade como persoal docente na UDC, a 1 de xaneiro do ano de aprobación da convocatoria da execución da OEP: 1 punto por ano completo, as fraccións de ano de calcularanse de forma proporcional.

4. De existiren prazas vacantes de profesorado permanente laboral na cota de reserva I3/R3, poderán optar a elas candidaturas de profesorado axudante doutor/a con certificado I3/R3. A orde de prelación virá establecida pola data anterior de finalización do contrato.

Disposición adicional primeira

1. A Vicerreitoría de Profesorado realizará, cando menos, unha convocatoria anual para a selección de cátedras de universidade, titularidades de universidade e prazas de profesor/a permanente laboral segundo os procedementos recollidos no presente regulamento.

2. As convocatorias publicaranse no taboleiro electrónico oficial (TEO) tras a autorización da OEP.

3. A Vicerreitoría de Profesorado elaborará a prelación de prazas. Para isto poderá requirir a información que precise dos servizos da UDC, e das persoas e departamentos afectados. O resultado da prelación será publicado no TEO.

Disposición adicional segunda

1. En aplicación da disposición adicional décima primeira, punto 2 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario (LOSU), os profesores e profesoras titulares de escola universitaria que, á entrada en vigor da antedita lei, posúan o título de doutor ou doutora ou o obteñan posteriormente, e se acrediten especificamente no marco do previsto polo artigo 69 da antedita lei, accederán directamente ao corpo de profesores/as titulares de universidade, nas súas propias prazas.

2. En aplicación da disposición adicional transitoria quinta, punto 4 da LOSU, previa solicitude, os/as profesores/as contratados/as doutores/as poderán integrarse na modalidade de profesores/as permanentes laborais, nas mesmas prazas que ocupen, e computándose como data de ingreso a que tivesen na modalidade contractual de orixe.

3. En aplicación da disposición transitoria sexta, punto 7 da LOSU, as persoas contratadas como colaboradores/as con carácter indefinido, posúan o título de doutor ou o obtivesen tras a entrada en vigor de antedita lei orgánica e reciban a avaliación positiva a que se refire o artigo 82.a) da dita lei, accederán directamente á figura de profesora ou profesor permanente laboral, nas súas propias prazas.

Disposición adicional terceira

O/a profesor/a solicitante dunha praza de catedrático/a de universidade ou de titular de universidade que non acadase, respectivamente, a promoción ou a funcionarización non poderá solicitar unha nova praza nos seguintes 5 anos, que se

contarán dende a data da resolución do concurso. Esta limitación temporal non será de aplicación nos casos en que do suposto anterior non se derivase incremento no número de docentes permanentes na área de coñecemento.

Disposición adicional cuarta

O/a profesor/a axudante doutor/a solicitante dunha praza de profesor/a titular ou permanente laboral que non acadase a estabilización tras a celebración do correspondente concurso poderá permanecer no seu contrato ata a finalización do mesmo, aínda que non poderá solicitar a convocatoria dunha nova praza de profesor/a titular de universidade ou profesor/a permanente laboral.

Disposición adicional quinta

Aos efectos de determinar a antigüidade como persoal docente na UDC terase en conta a recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro, de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e da recoñecida no expediente persoal nos programas de formación posdoutoral.

Disposición derogatoria

Derrógase o Regulamento 07/2025 de 28 de maio, de Consello de Goberno, polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das ofertas de emprego público de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación na Sede Electrónica da UDC.

O reitor

Ricardo Cao Abad